



Enquisa sobre a Sociedade da Información en Galiza: Poboación xeral ano 2007

Resumo executivo



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



Enquisa á Poboación Galega

Resumo executivo

Equipamentos TIC e servizos da sociedade da información nos fogares

- Ordenador e acceso a internet
- Equipamento electrónico
- Gasto en tecnoloxías

Utilización das TIC e servizos da sociedade da información a nivel persoal

- Uso do ordenador
- Uso de Internet
- Comercio electrónico

Nota metodolóxica

Este documento presenta os principais resultados da “Enquisa á Poboación Xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza”, realizada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información.

O obxectivo desta enquisa é facilitar información sobre a situación actual de Galiza no escenario da sociedade da información, desde a perspectiva do acceso e utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación por parte da cidadanía galega.

O traballo de campo realizouse entre o 18 de setembro e o 15 de outubro de 2007, respondendo aos seguintes criterios técnicos:


- **Ámbito:** Galiza.
- **Universo:** Poboación galega de 16 a 74 anos.
- **Tipo de enquisa:** Entrevista presencial.
- **Tamaño da mostra:** 1.600 entrevistas, distribuídas proporcionalmente por estratos de hábitat -definidos polo tamaño demográfico dos concellos de residencia e a súa posición xeográfica-, sexo e grupos de idade.
- **Erro mostral:** Para un nivel de confianza do 95,5%, e considerando a variabilidade de proporcións máxima, o erro estatístico global é do 2,5% no suposto dunha mostraxe aleatoria simple para unha variable de proporcións.

Ao longo desta presentación ofrécense tamén datos correspondentes aos anos 2005 e 2006, ben procedentes da Enquisa que realiza o Instituto Nacional de Estadística -INE-, ben, da realizada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información -OGSI- en 2006. Cómpre advertir, que debido a cuestións metodolóxicas, a comparanza entre resultados e a conseguinte evolución dos datos debe interpretarse con cautela e como ilustrativa de tendencias.

Equipamento das TIC e servizos da sociedade da información nos fogares

Ordenador persoal e acceso a Internet

Equipamento de ordenador persoal



Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE)
Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 INE. Ano 2007, dato INE para o indicador do Estado, e elaboración propia a partir dos datos da enquisa para Galiza

O 56,3% dos fogares galegos dispón dalgún ordenador no ano 2007.

Esta porcentaxe supera en 6,2 puntos a do ano pasado e en 18,3 a do 2004.

O ordenador de sobremesa está presente no 49,6% dos fogares, séguenlle os portátiles cunha porcentaxe do 17,2% e no último lugar, cunha porcentaxe do 1,1% outro tipo de ordenadores (PDA, axenda electrónica ou similar).

Acceso a Internet contratado




Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE)
Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 INE; ano 2007 elaboración propia a partir dos datos da enquisa (N=1.601)

O 30,2 % dos fogares galegos teñen contratado acceso a Internet, fronte ao 29,6 % do ano anterior e o 22% de hai tres anos.

Equipamento das TIC e servizos da sociedade da información nos fogares

Conexión a Internet

Conexión a banda larga




Obsérvase unha progresiva penetración da banda larga nos fogares galegos: 14,4 puntos porcentuais por riba do valor rexistrado polo INE para Galiza no 2004.

Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE)

Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 dato INE; ano 2007, elaboración propia a partir dos datos da enquisa (N=1601)

Modalidade contratada de acceso a internet



As principais formas de conexión a Internet son a través de Dixital ADSL (41,9%) e a rede de cable (32,0%).

Base: persoas (OGSI), vivendas (INE) con acceso a Internet.

Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 dato INE. Ano 2007, dato INE para o indicador do Estado; elaboración propia a partir dos datos da enquisa (n=491)

Equipamento das TIC e servizos da sociedade da información nos fogares

Equipamento electrónico

Equipamento electrónico


Equipamentos	Disponibilidade no fogar
Televisión	99,4%
Telefono fixo	79,1%
Teléfono móbil	88,1%
Fax	10,9%
TDT	30,5%
Vídeo	58,0%
DVD	74,0%
Vídeoconsolas	32,8%
Radio	84,8%
Cadea de música	64,0%
Cámara de fotos dixital	56,8%
Cámara de vídeo dixital	24,2%
GPS	16,2%
PDA	10,7%
Sistema domótico	7,4%

Base : total persoas.
 Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa

O equipamento tecnolóxico en sentido amplo está cada vez máis presente na sociedade galega, especialmente o relacionado con actividades de lecer.


A televisión e o teléfono móbil amosan un elevadísimo nivel de penetración na poboación.

Equipamento de teléfono móbil



Base: total de persoas
 Fonte: anos 2004, 2005 e 2006, dato INE. Ano 2007, dato INE para o indicador do Estado; dato OGSÍ para o indicador de Galiza

Equipamento en tecnoloxías de comunicación



Base: total de persoas
 Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa

Equipamento das TIC e servizos da sociedade da información nos fogares

Gasto en tecnoloxías

Gasto mensual en tecnoloxías

Servizo	Gasto mensual en euros
Teléfono fixo	39,7 €
Internet	34,8 €
TV pago	38,8 €
Gasto total para paquete de servizos fixos de telecomunicacións	60,5€
Teléfono móbil	43,1 €
Gasto total paquete de servizos móbiles de telecomunicacións	51,6 €

Base: persoas que dispoñen destas tecnoloxías
Fonte: elaboración propia a partir dos datos da enquisa

O gasto mensual en telefonía móbil supera ao da telefonía fixa.

A conexión a Internet custa, por termo medio, 34,8 euros.

Cando se dispón dun paquete de servizos fixos de telecomunicacións, o gasto é de 60,5 euros e no caso de servizos móbiles, o gasto sitúase nos 51,6 euros de media. Loxicamente, o custo dos paquetes é máis elevado que o dos servizos contratados individualmente, pero inferior ao que suporía a suma do gasto medio mensual en dous deles.

Gasto nos últimos doce meses en equipamento electrónico


Equipamentos	Investimento medio nos últimos doce meses
Televisión	519,5 €
Teléfono móbil	91,4 €
Fax	120,0 €
TDT	65,6 €
Vídeo	114,4 €
DVD	105,6 €
Videoconsolas	217,3 €
Radio	28,1 €
Cadea de música	202,5 €
Cámara de fotos dixital	244,0 €
Cámara de vídeo dixital	361,0 €
GPS	240,0 €
PDA	227,0 €
Sistema domótico	1.009,0 €

Base: investimento medio:total de persoas que investiron nese/s equipamento/s no citado período
Fonte:Elaboración propia a partir dos datos da enquisa

Utilización das TIC e servizos da sociedade da información a nivel persoal

Ordenador

Uso do ordenador nos últimos tres meses



Base: total de persoas
 Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 INE: ano 2007, elaboración propia a partir dos datos da enquisa


Un 47,7% da poboación galega usou o ordenador nos tres últimos meses, porcentaxe que superou en 11 puntos á correspondente ao ano 2004.

Convén destacar de modo significativo a porcentaxe da mocidade galega (87,5%) que durante este período utilizou o ordenador, resultado moi semellante á media do Estado.

Idade	Elaboración propia: Dato Galiza	INE: Dato do Estado
De 16 a 24 anos	87,5	89,3
De 25 a 34 anos	74,2	78,0
De 35 a 44 anos	51,6	64,9
De 45 a 54 anos	39,3	52,1
De 55 a 64 anos	21,5	25,7
De 65 a 74 anos	4,5	7,5

Base: total de persoas
 Fonte: dato do Estado: INE; dato Galiza: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa

Uso do ordenador nalgunha ocasión




Base: total de persoas
 Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 dato INE. Ano 2007, dato INE para o indicador do Estado, dato OGSÍ para o indicador de Galiza

Máis da metade da poboación galega (58,0%) utilizou o ordenador nalgunha ocasión en 2007, o que supón un forte incremento, de case 14 puntos, desde o ano 2004.

Utilización das TIC e servizos da sociedade da información a nivel persoal

Internet

Utilización de Internet nos últimos tres meses




Base: total de persoas
 Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 INE; ano 2007, elaboración propia a partir dos datos da enquisa

Un 42,7% da poboación galega accedeu a Internet nestes tres últimos meses, porcentaxe que superou en 13 puntos á correspondente ao ano 2004. A principal razón deste especial ascenso ten que ver co aumento significativo da porcentaxe de mozas/os galegas/os que se veñen conectando nos últimos anos a Internet coa finalidade de acceder a determinados servizos e contidos tales como: busca de información sobre bens e servizos (82,4%), correo electrónico (81,5%); chats, conversación ou foros (41,8%); resultados moi semellantes á media do Estado, e nalgúns casos algo superiores.

Idade	Elaboración propia: Dato Galiza	INE: Dato do Estado
De 16 a 24 anos	85,1	86,3
De 25 a 34 anos	68,5	72,6
De 35 a 44 anos	44,5	57,1
De 45 a 54 anos	33,8	45,9
De 55 a 64 anos	18,0	21,1
De 65 a 74 anos	3,16	6,4

Base: total de persoas
 Fonte: dato do Estado: INE; dato Galiza: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa

Utilización de Internet nalgunha ocasión




Base: total de persoas
 Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 dato INE. Ano 2007, dato INE para o indicador do Estado, dato OGSÍ para o indicador de Galiza

Obsérvase un elevado e progresivo aumento do acceso a Internet por parte da poboación nos últimos anos, tanto en Galiza, como no conxunto do Estado. Especialmente significativo é o dato de acceso a Internet por parte da poboación galega, onde se constata que existe unha diferenza de 17 puntos entre os anos 2004 e 2007.

Utilización das TIC e servizos da sociedade da información a nivel persoal

Comercio electrónico

Adquisición de produtos ou servizos nos últimos tres meses




Base: total de persoas
 Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 INE; ano 2007, elaboración propia a partir dos datos da enquisa

Un 8,5% da poboación galega adquiriu algún produto ou servizo nos últimos tres meses, porcentaxe que aumentou en 5 puntos desde o ano 2004.

A porcentaxe máis elevada atópase entre a poboación de 16 a 34 anos tanto en Galiza como no conxunto do Estado.

Idade	Elaboración propia: Dato Galiza	INE: Dato do Estado
De 16 a 24 anos	12,4	16,5
De 25 a 34 anos	16,4	21,0
De 35 a 44 anos	9,6	15,1
De 45 a 54 anos	5,8	11,6
De 55 a 64 anos	1,9	4,4
De 65 a 74 anos	0,0	1,3

Adquisición de produtos ou servizos nalgunha ocasión



Base: total de persoas
 Fonte: dato do Estado: INE; dato Galiza: Elaboración propia a partir dos datos da enquisa

Destaca o continuo e considerable aumento da porcentaxe da poboación galega que comprou algún produto ou servizo a través de Internet, desde o ano 2004 ao 2007, cunha diferenza de 10 puntos.

Base: total de persoas
 Fonte: anos 2004, 2005 e 2006 dato INE. Ano 2007, dato INE para o indicador do Estado, dato OGSÍ para o indicador de Galiza